



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA,
A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL, A AXENCIA TURISMO
DE GALICIA, A SECRETARIA XERAL DE PRESIDENCIA E O CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO PARA A EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO
PROXECTO MUSEÍSTICO DO MUSEO DA ENOLOXÍA DO CONDADO DE TEA.**

En Salvaterra de Miño, a 3 de agosto de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don Alfonso Rueda Valenzuela, en representación da **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, de conformidade co disposto polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 19 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, dona Ángeles Vázquez Mejuto, en calidade de presidenta da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, en virtude do artigo 8 do Decreto 79/2011, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia, en relación co Decreto 148/2016, do 13 de novembro, que dispón o seu nomeamento como Conselleira do Medio Rural, e no exercicio das competencias que resultan do artigo 8.2 del Decreto 79/2001.

Doutra parte, dona M^a Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de



Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, don Manuel Galdo Pérez, en nome e representación da **Secretaría Xeral da Presidencia**, nomeado polo Decreto 25/2015, do 12 de febreiro, actuando en virtude das competencias que lle son atribuídas no artigo 2 e na disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra parte, o alcalde presidente do **Concello de Salvaterra de Miño**, don Arturo Grandal Vaqueiro, en virtude da súa condición de alcalde presidente da corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, 61.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e o artigo 41.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, correspóndelle o exercicio das competencias que a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, atribúe á persoa titular da consellería de adscrición respecto da entidade pública instrumental adscrita, así como aquelas que lle atribúan os estatutos da propia Axencia Turismo de Galicia.



Así mesmo, o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúe a este departamento, a través da Dirección Xeral de Administración Local, o exercicio das competencias relativas á elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de administración local.

Segundo.- Que AGADER é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego. Entre as funcións da axencia están:

- . Elaborar estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural, así como promover avaliacións independentes dos resultados dos ditos plans que permitan a súa revisión.
- . Impulsar a formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas e programas de desenvolvemento.
- . Promover e incentivar -la cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- . Ademais, a axencia realizará calquera outra acción que teña por obxectivo contribuír de forma eficaz á diversificación económica e á modernización do tecido produtivo rural.

Terceiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

A Axencia Turismo de Galicia ten, entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Cuarto.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do



turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Quinto.- O Museo da Enoloxía do Condado do Tea está levantado nunha edificación de propiedade municipal situada no casco urbano, no concello de Salvaterra de Miño, capital do viño do Condado do Tea, que comprende os concellos de Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza, Pontearreas e Salceda de Caselas.

O número de viticultores nesta sub-zona é na actualidade duns 1.500, aproximadamente, con máis de 1.000 hectáreas de superficie cultivada coas castas de Albariño, Treixadura, Loureira e outras en brancos e Sousón e Mencía que supoñen a parte maioritaria en variedades tintas.

A importancia deste museo para a zona é relevante, posto que dará a coñecer e porá en valor os viños e a súa elaboración, constituíndo un recurso turístico relacionado co viño como elemento característico da zona.

Destaca a celebración da Festa do Viño do Condado de Tea, que este ano celebra a súa LIX edición, sendo unha das festas do viño máis antigas de España.

Sexto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios.

Que os asinantes están interesados en apoiar ao Concello de Salvaterra no desenvolvemento da actividade indicada no expoñendo anterior por constituír unha iniciativa de relevancia para a oferta turística galega vinculada á gastronomía e para o impulso da mellora económica do sector e da zona. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita lei, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello de Salvaterra de Miño a única entidade competente para a súa realización.



En consideración a todo o exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Axencia Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral da Presidencia e o concello de Salvaterra de Miño para a dotación e execución do **proxecto museístico na planta baixa do edificio do Museo da Enoloxía do Condado de Tea** desenvolvido por D. Jesús Díaz Jubete para Proasur, industria recreativa, en xaneiro de 2018, co seguinte contido:

- A Alegoría do Viño. O Viño
- Viño na Historia: Cultura antiga, cultura medieval e cultura moderna e contemporánea
- Viño en Galicia. Territorio e clima, Tipos de solo, A zona da denominación de orixe Rías baixas, as denominacións de orixe Galicia, A denominación de orixe Rías Baixas, a historia do Viño do condado de Tea
- A Vide: as partes, A folla/o froito, enfermidades mais comúns, variedades autorizadas do Rías Baixas
- Viticultura: A plantación, O enxerto, O emparrado, A Poda: tipos, A vendima, Calendario de labores, etnografía
- Exterior

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para estas actuacións ascende a 279.438,19€, co seguinte desagregamento:



ALEGORÍA DO VIÑO.....	13.475,61
O VIÑO NA HISTORIA.....	20.332,70
O VIÑO EN GALICIA.....	30.447,00
A VID.....	33.729,32
VITICULTURA.....	59.899,93
EXTERIOR.....	61.711,43
UNIDADES COMÚNS A TODOS OS ÁMBITOS.....	11.344,66
TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL.....	230.940,65
21% IVE.....	48.497,54
TOTAL	279.438,19€

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará oitenta mil euros (80.000€), con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural achegará noventa e cinco mil euros (95.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1.712A.760.0, código de proxecto 2017 00003, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de noventa e cinco mil euros (95.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código de proxecto 2015 00006, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Os importes que se comprometen a achegar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural serán obxecto de retención de crédito e baixa nas aplicacións orzamentarias mencionadas.



Os importes das oportunas retencións de crédito para transferencias nos orzamentos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Axencia Galega de Desenvolvemento rural, serán ampliados no orzamento da Secretaría Xeral da Presidencia, aplicación 04.10.761A.732.12 código de proxecto 2015 00635, con correlativa ampliación no orzamento da Axencia Turismo de Galicia, na aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código de proxecto 2015 00006, do orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

As ditas contías constitúen o importe máximo da subvención, quedando por conta do concello a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do proxecto.

Estas achegas canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor do Concello de Salvaterra unha vez presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Terceira. - Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen **no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro de 2018**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son



subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cuarta.- Compromisos das partes

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do **custe das actuacións previstas no proxecto museístico** a través das achegas establecidas na cláusula segunda.

Pola súa banda, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a realizar o pagamento dun máximo de 270.000€, segundo o establecido na cláusula anterior. Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incurrir o concello no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados, que se presentará á Axencia Turismo de Galicia.

O Concello queda obrigado á realización das referidas actuacións, comprometéndose a:

1. Levar a cabo as accións obxecto do convenio.
2. Supervisar as actuacións obxecto do convenio, así como a súa execución.
3. Solicitar os permisos e autorizacións pertinentes para a súa execución.
4. Incluír en toda a documentación e soportes da obra que se realice, que esta conta coa colaboración da Xunta de Galicia, así como a “Marca Turística de Galicia” regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño.
5. Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no punto 4.
6. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.



7. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

9. Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do último exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

10. Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.

11. Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

12. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no



presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o concello de Salvaterra para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o concello de Salvaterra de Miño, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.



- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Sétima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia, nin á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nin a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, nin a Secretaría Xeral da Presidencia.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

- a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso,



importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A contratación das obras será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que dos incumprimentos se puideran derivar, ao abeiro do disposto no artigo 12 do Decreto 193/2011.

O concello de Salvaterra deberá remitir a Axencia Turismo de Galicia unha reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo das actuacións e o resultado final unha vez executadas as mesmas, así como a colocación do cartel ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

Así mesmo de acordo co artigo 8 do dito Decreto 193/2011, de 6 de outubro, a conta xustificativa debe incluír **a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas ás facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.**

O concello de Salvaterra, ademais, deberá presentar unha certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

Por outro lado, o concello deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

No caso de xustificarse unha contía menor ao orzamento estimado previsto na cláusula segunda e sempre que se realice a actuación descrita na cláusula primeira, a Axencia Turismo de Galicia achegará o importe correspondente á contía xustificada, cun máximo de 270.000€. Esta achega de 270.000€ fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do orzamento estimado, aos efectos do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Así, e de conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, só deberá ser reintegrada (ou, no seu caso, minorada a achega de 270.000€) unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

De conformidade co disposto no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerarase gasto realizado cando se contabilizase o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de 60 días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos abonos das subvencións concedidas.

A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o concello de Salvaterra deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata **o 1 de decembro de 2018.**

Novena.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100% da subvención concedida, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



De conformidade co disposto no citado artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o concello de Salvaterra está exonerado de constituír garantía relativa aos pagos anticipados previstos nesta cláusula.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer solucións a calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado polo concello de Salvaterra, un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia, un representante designado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e un representante pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e outro da Secretaría Xeral da Presidencia.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo primeira.- Reintegro da subvencións

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o concello de Salvaterra do Miño deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Modificacións do convenio



As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, a entidade beneficiaria da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

- a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
- b) Orzamento ou proxecto modificado.
- c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo terceira.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no



artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo cuarta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo quinta.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.



Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo sexta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.


Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2018.**

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, as partes asinan por quintuplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.



Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

Presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



Ángeles Vázquez Mejuto

Directora de Turismo de Galicia



Mª Nava Castro Domínguez

Secretario Xeral da Presidencia



Manuel Galdo Pérez



Alcalde-presidente do Concello de Salvaterra



Arturo Grandal Vaqueiro